

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 7

SESION EXTRAORDINARIA DO 24 DE ABRIL DE 2019

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rivas González, Ángel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Rodríguez Escudero, Cayetano
Rodríguez Rodríguez, Nuria

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
González Sánchez, Elena
Muñoz Fonteriz, Elena
Piñeiro López, Ángel

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois
López Barreiro, Margarida
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

Figueroa Vila, José M. (concelleiro do grupo municipal do Partido Popular)
Gago Bugarín, Diego José (concelleiro do grupo municipal do Partido Popular)
Silva Rego, M^a Carmen (concelleira do grupo municipal Socialista)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás once horas e cincuenta e tres minutos do día vinte e catro de abril do ano dous mil dezanove, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros

Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Piñeiro López, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e Rodríguez Rodríguez, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Rematado o Pleno ordinario e de acordo coa convocatoria procedemos ao Pleno extraordinario, o número 7, se segue constatando quórum, orde do día en poder das señoras/es concelleiros, se segue abrindo sesión pública e iniciamos o Pleno cun punto único da orde da día.

ÚNICO(68).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A ACORDAR COS REPRESENTANTES DOS TRABALLADORES UNHA RETRIBUCIÓN XUSTA QUE REMATE COAS DISCRIMINACIÓNS EXISTENTES ENTRE POLICÍAS E BOMBEIROS, ASÍ COMO PARA A DOTACIÓN DO MATERIAL BÁSICO NECESARIO PARA A POLICÍA LOCAL. REXISTRO PLENO 2007/1101.

ANTECEDENTES: En data 10.04.2019, o grupo municipal do Partido Popular presenta solicitude de pleno extraordinario asinada por tódolos seus membros, co seguinte texto:

“Motivación

O Pleno da Corporación do Concello de Vigo celebrado o pasado 5 de abril de 2018 aprobou por unanimidade unha moción presentada polo Partido Popular de Vigo na que se acordou "Instar ao Goberno municipal de Vigo a acordar cos representantes dos traballadores unha adecuación retributiva xusta, que remate coa discriminación existente entre as retribucións de policía e bombeiros deste Concello."

Tras un ano de completa inactividade do goberno a este respecto presentouse un proxecto de orzamento para 2019 no que non se contemplaba previsión algunha no capítulo 1 do orzamento para este fin, e mais aínda, rexeitáronse as emendas formuladas polo grupo Popular para acadar esta adecuación retributiva xusta e longamente demandada.

Estamos no mes de abril e os policía locais seguen sen saber cómo nin cando se vai cumprir o compromiso adquirido polo goberno local.

É xa demasiado tempo esperando por unha decisión que está a mermar a capacidade económica do corpo da policía local ao que hai que engadir unha longamente denunciada falla do material básico mais necesario para exercer a súa función en condicións dignas e de seguridade como chalecos antibala, cascos para os motoristas, vestiario, lubas, calzado, etc...

Polo anteriormente exposto, ao amparo do disposto artigo 46 2.a da Lei 7/85 Reguladora de Bases de Réxime Local e no artigo 44 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo os sete concelleiros integrantes do Grupo Municipal do Partido Popular, abaixo asinantes, solicitan ao Alcalde-Presidente do Concello de Vigo a convocatoria dun Pleno Extraordinario da Corporación Municipal de Vigo coa seguinte proposta de orde do día:

UNICO.-. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNÓ MUNICIPAL A ACORDAR COS REPRESENTANTES DOS TRABALLADORES UNA RETRIBUCIÓN XUSTA QUE REMATE COAS DISCRIMINACIÓNS EXISTENTES ENTRE POLICÍAS E BOMBEIROS ASÍ COMO PARA A DOTACIÓN DO MATERIAL BÁSICO NECESARIO PARA A POLICÍA LOCAL

E coa seguinte proposta de acordo:

1. Instar ao goberno municipal a cumprir de xeito inmediato o acordo plenario do 5 de abril de 2018, acordando cos representantes dos traballadores unha adecuación retributiva xusta, que remate coa discriminación existente entre as retribucións dos policía e bombeiros deste Concello
2. Instar ao goberno local a dotar ao servizo da policía local de todo o material básico necesario para que os axentes poidan desenvolver a súa labor en condicións dignas e coa debida seguridade para os seus membros."

DEBATE.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade que é unha pena Sr. Alcalde que non estivera presente cando acabamos de debater unha moción extraordinariamente importante para esta cidade e para funcionarios que dependen de vostede, que son os bombeiros e para ver exactamente en que situación están e miralos aos ollos mentres o Sr. Font lles mentía á cara e dicía exactamente o contrario da realidade que viven desgraciadamente, pero para mostra outro botón, para mostra de como tratan vostedes aos funcionarios públicos e a outro dos corpos que está a velar tamén pola seguridade dos vigueses, temos esta moción deste Pleno extraordinario que tivemos que pedir, esixir, porque mirábamos que a inacción absoluta deste goberno local despois dun ano de ter aprobado unha moción neste Pleno, esixía que renderan contas e que nos dixeran que é o que fixeron en todo este ano e sobre todo que é o que van a facer, pero van a facer con concrecións porque pasou un ano dende ese 5 de abril no que o concelleiro de persoal que agora non está presente, nos dicía que chegábamos tarde os do Partido Popular presentando esa moción, que había negociacións moi avanzadas co Comité de Empresa e con tódolos sindicatos para conseguir o que pedíamos que era que se eliminara unha discriminación á hora de coller baixas os policías locais e pedíamos que se negociara cos representantes sindicais para eliminar esa discriminación e tamén para tratar á Policía Local como se merece, non sei canto de avanzada estaban as negociacións nese momento segundo vostedes moito, segundo nós pouco porque pasou un ano e seguimos exactamente no mesmo sitio en que estábamos cando presentamos esa moción porque esta é o motivo polo que pedimos ese Pleno extraordinario que vostede quixeron xuntar ao ordinario para que pase o máis desapercibido posible, demostrando o moito que lles importa a vostedes a Policía Local.

Pasou un ano no que os policías locais estiveron esperando, escoitando as súas promesas, primeiro lles dixeran que tiñan que esperar á presentación dos que Orzamentos que ese era o momento no que se ía recoñecer e que se lles ía a dar o que necesitaban, o que é de xustiza, despois cando pasaron os presupostos lles dixeran que había que esperar a final de ano, que estaban axustando, que tiñan que facer unhas cuestións, despois cando pasou a finais de ano lles dixeran que había que esperar a principios de ano, en definitiva lles estiveron dando largas, primeiro lles contaron que ían incluír nocturnidade e fectividade dentro do

complemento específico, unha subida lineal para todo o mundo, logo cambiaron esa proposta e din que non, que agora lles van pagar a nocturnidade e festividade por un lado e que lles van facer unha subida do complemento específico.

Esta é a última proposta que puxo enriba da mesa o goberno local, pero claro para poder materializar esa proposta fan falla cousas, en primeiro lugar propuxeron vostedes financialo amortizando prazas e necesitan un informe de persoal, tamén necesitan un informe de Intervención, tamén necesitan un informe xurídico e dende que supostamente chegaron a ese acordo o pasado 24 de marzo dicindo que ademais era inminente levar esas medidas a un Pleno porque temos que aprobar no Pleno esas actuacións porque para amortizar prazas hai que levalas a un Pleno, pois dende o 24 de marzo non se sabe absolutamente nada das xestións que están a facer, por iso cremos que é necesario que levemos aquí esta moción e nos gustaría sinceramente e con toda a cordialidade que espero que teñan para contestarnos, non acudan como sempre á crispación, a criticar ao Partido Popular, non, pensen nos policía locais, pensen no que eles necesitan e no que eles lles piden e por eles lles pido sinceramente que na súa intervención nos digan e nos ensinen o informe da Intervención, de Persoal e o informe xurídico que nolos ensinen e que nos digan cando van, con que data van a convocar un Pleno extraordinario para aprobar esas amortizacións coas que din vostedes que van a financiar.

Tamén quero que nos expliquen na súa intervención si é que vai a contestar o concelleiro de Persoal se van a aplicar a retroactividade ou non, se vai ser dende abril, dende o 1 de xaneiro ou si vai ser do ano que hai que aprobamos a moción en Pleno por unanimidade, en definitiva que nos contesten, que nos dean datos, certezas e que se deixen de palabras baleiras e tamén lles pedimos que doten dunha vez de material á Policía, que non poden estar cos mesmos traxes dende hai catro anos, que haber si xa veñen dunha vez os traxes novos, que parece que os están a facer na NASA, que lle dean chalecos adecuados que cumpran a normativa laboral porque non teñen chalecos, estanos a compartir, chalecos compartidos, vergoñento e que nos digan en definitiva cando van a tratar á Policía como se merece.

SR. PÉREZ CORREA: Non hai ningún argumento que impida que os tres grupos municipais votemos isto a favor como se votou hai un ano, porque hai un ano tivemos un consenso sobre esta cuestión expresouse no Pleno e a última intervención do concelleiro o Sr. Pardo, precisamente, como rematou hoxe a súa presidencia no Pleno falando de populismo barato da voceira do Partido Popular, vostede dixo referíndose á Sra. Muñoz, “o seu é populismo barato, tanto con este comité de empresa como co anterior houbo negociacións e os salarios vanse a igualar nos próximos catro anos” xa perderon un ano, sen facer absolutamente nada e lle digo por que sen facer absolutamente nada, porque entre outras cousas cando se vai a negociar con organizacións sindicais e cando se vai a negociar cos policía, hai que negociar con realidades e con cuestións que vostedes teñan amarradas e o problema é que non teñen ningún informe, non sabemos se é porque non o solicitaron ou porque ninguén quere asinar o que vostedes prometeron, pero tamén digo, os acordos plenarios están por enriba de calquera cuestión, se vostedes queren busquen o encaixe, tiveron varias oportunidades, a primeira, home, presidindo o Alcalde de Vigo a Federación Española de Municipios e Provincias cando se estaba a tramitar a Lei de orzamentos do Estado, tería que poñer enriba da mesa que hai acordos que exceden as cuestións do capítulo I que son os acordos que adquiren os concellos cos cadros de persoal e que permitira que na Lei do orzamento do Estado houbera unha capacidade de igualar os salarios independentemente das cuestións menores porque o único que estamos a facer aquí é utilizando os poucos resquicios legais que hai para equiparar salarios da Policía Local despois de anos de perda de poder adquisitivo, non comece coa excusa da nocturnidade e a festividade, que si uns si e outros non, iso dános igual porque se estamos a falar de equiparar salarios e os concellos están a buscar mecanismos precisamente por onde se pode facer. Polo tanto, acordo do Pleno hai un ano, vostede teñen que cumprilo e nós imos a pedir que se cumpra, que pasa? Que tódolos funcionarios, xefes de servizo que vostede teñen de man non se atreven a asinar un informe? Pois entón eu digo, nós non podemos, somos tres concelleiros, pero lle pido ao Partido Popular que lles esixa un informe vinculante ao secretario que nos diga exactamente como se pode levar este acordo de Pleno adiante, hai sete concelleiros do Partido Popular que o poden pedir, nós nos sumamos e se temos que facer unha petición conxunta a Marea de Vigo e o

Partido Popular, pedimos, queremos ver papeis, porque a negociación colectiva e a negociación cos traballadores non se lle vai a prometer cousas sen un papel diante, sen ningún tipo de base xurídica e con compromisos, vostedes poderían ter feito e ademais non só é un problema co Concello de Vigo é que lles pasou no conxunto do país, moitos concellos estaban a pedir que queren aumentar o poder adquisitivo da Policía Local, que queren aumentalo e que a marxe que deixa precisamente o capítulo I e a Lei que o Partido Popular foi consignando para eliminar emprego público, eliminar poder adquisitivo non lle permitía aos concellos, pero dicían é que eu teño acordos, moitos concellos o dixeron, eu teño acordos coa Policía Local e quero que se expresen na posibilidade de igualar eses salarios, vostedes non fixeron nada na Lei de Orzamentos e como vemos agora non se fixo nada no ámbito do Concello de Vigo, un ano perdido, non hai negociación, tivera que ir a Policía Local á porta do despacho do concelleiro e plantarse alí para dicirlle onde están os compromisos e buscaron ideas, cando menos ocorrentes, dicindo, pois imos a liquidar toda a oferta pública de emprego que non imos poder sacar de golpe, e alguén lle dixo que non, alguén lle dixo que nun ano non pode amortizar 45 prazas ou iso o poden facer? Se o poden facer traian un informe vinculante que diga que poden eliminar 45 prazas, teñen que buscar os recursos doutro lado, pero teñen que buscalos, e espero e ademais isto é un mandato que na próxima negociación do orzamento do Estado se lle permita aos concellos que teñen acordos vinculantes coas seccións sindicais e cos comités de empresa poder equiparar os salarios, é unha demanda non só de Vigo, unha demanda do conxunto da Policía Local no Estado e estano a parar precisamente a inacción do goberno do Partido Socialista local. Nós, si o Partido Popular o considera que pidamos ese informe vinculante e que se diga cal é o problema para que un ano despois non cumprir os acordos deste Pleno.

SR. LÓPEZ FONT: Imos falar de Policía Local, pero de Policía Local no seu conxunto. Dende o minuto un que tomou posesión o Alcalde de Vigo o Sr. Caballero se propuxo dotar dos mellores medios materiais e económicos á Policía Local e ao conxunto dos empregados municipais, aos poucos meses de gobernar a Policía Local tivo o recoñecemento profesional de pasar ao grupo C1, reivindicación que non tivera atendido ningún concello de Galicia, polo tanto, houbo ese

recoñecemento profesional e económico, se dotou de medios materias porque só os que chegamos aquí no 2007 sabíamos os medios materias que había e polo tanto, cumprimos sobradamente. Hoxe a Policía Local pode presentar este informe de xestión do ano 2018, gracias aos desvelos deste goberno e gracias ao traballo que fixeron eles no conxunto.

Pero falando de Policía Local hai un logro histórico, dicía vostede de perder un ano, sabe cantos anos levaban os policías locais intentando conseguir a xubilación anticipada aos 59 anos? 15 anos, e tivo que chegar o Alcalde desta cidade á presidencia da FEMP para que dende o primeiro día reivindicase a xubilación aos 59 anos e conseguila e loitou durante 4 anos contra todo e contra todos, contra todos o Partido Popular porque o goberno do Sr. Rajoy prometeu a xubilación anticipada aos 59 anos, e o 23 de maio do 2018, 10.000 policías se concentraron en Madrid dicíndolle ao Sr. Rajoy esas cousas que vostedes din ás veces, dígalle ao Sr. Montoro que cumpra cos compromisos, pero tivo que chegar o Sr. Sánchez, e a insistencia, persistencia do Alcalde de Vigo fixo lograr un acordo absolutamente histórico, hoxe 50 policías están xubilados anticipadamente, miles de policías en toda España están xubilados anticipadamente gracias á xestión do Alcalde de Vigo e presidente da FEMP o Sr. Caballero, categoricamente se non houbera sido polo Sr. Caballero os policías locais levarían 16 anos esperando e non sei aos anos que aos chegarían, vostedes se acordan de que un ministro o Sr. Moscoso trouxo uns permisos para os funcionarios? Que 35 anos despois aínda se lembra a aquel ministro por ter conseguido iso? Pois cando un Policía Local de aquí, dos que toma posesión hoxe cando dentro de 30 anos se xubile alguén lle dirá que se poderá xubilar aos 59 anos gracias ao que fixo o Sr. Caballero no ano 2019. Pero mire, imos a falar de Policía Local e imos falar do que se negocia nesta casa porque miren, hai moito advenedizo aquí polas intervencións que escoitei de xestión, fagamos o informe así, da outra maneira, non fagamos caso dos funcionarios, eu uno os meus votos ao Partido Popular para pedir un informe ou outro, vostedes neste Pleno chegaron a propoñer cousas ilegais que é moi fácil facelas dende a oposición pero que nós non imos asumir, o que hai que dicir é a verdade completa e o que hai que dicir simplemente é que este concelleiro de persoal durante un ano fixo un traballo excelente para lograr un acordo co Comité de Empresa porque aquí cando se fala de mesa de negociación, cando se fala de sindicatos, cando se

fala de respecto á legalidade, ten que ser con tódalas consecuencias e neste momento cal é a realidade, un Pleno extraordinario para facer ruído e buscar aplausos, a realidade é moi sinxela, o 24 de marzo se asinou un acordo co Comité de Empresa que se está a desenvolver dende a legalidade, e hai unha reunión convocada para o día 30 de abril no que todo isto vaise a concretar. Mire, señores/as do Partido Popular isto por parte de vostedes vai de trampa, vostede queren que fagamos as cousas mal para o día seguinte recorrer contra nós e nós imos conseguir un acordo dentro da legalidade xurídica e da legalidade orzamentaria.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Mire, Sr. Font, sinceramente lle digo que aquí o único advenedizo é un concelleiro de persoal que non ten nin idea de función pública nin de cales son os dereitos dos traballadores dunha empresa e dunha administración pública, ese é o único advenedizo, eu non sei que méritos atribuíron vostedes para asignar responsabilidades, pero dende logo o coñecemento da materia eu creo que é moi importante.

Esta moi ben porque a vostedes lles gusta moito presumir e dicir que o Alcalde de Vigo é o Presidente da FEMP e conseguiu, mire, o Alcalde de Vigo non conseguiu nada, iso o fixo o goberno de España e deixouno feito un goberno do Partido Popular, non o Alcalde de Vigo, sabe o que ten que facer o Alcalde de Vigo? O que ten que facer o Alcalde de Vigo é o que é da súa competencia directa, e é da súa competencia directa eliminar a discriminación que teñen os policía locais, e recoñecerlles o complemento específico que merecen e darlles as horas que merecen, a equipación que merecen para facer as súas funcións con dignidade, iso é o que ten que facer o Alcalde de Vigo, Sr. Alcalde preocúpese menos pola política nacional e preocúpese máis polos seus funcionarios, os que están sacándolles as castañas do lume, os que están na rúa tódolos días defendendo aos vigueses e velando pola seguridade dos vigueses, mire, Sr. Alcalde, vostede nunca me mira cando lle falo pero mire esta foto, esas fotos que lles gustan a eles facerse cos policía e cos bombeiros cando teñen un comportamento heroico na que se lles está aplaudindo, recoñecéndolles a labor, mire, Sr. Alcalde, míreme e escóiteme, polo menos escóiteme, os policía e os bombeiros non queren máis aplausos baleiros de vostede para a foto, o que queren son realidades, son unha retribución

xusta, o que queren é ter equipamento para poder facer as súas funcións, iso é o que ten que facer vostede Sr. Alcalde, non ir á FEMP é bramar contra o goberno de España, contra o Partido Popular e non ser capaz de mirarme aos ollos, non a min, a todos eses policía e bombeiros que están a esixir do seu Alcalde un comportamento digno como o que debe ter, e non covarde como o que está a ter neste momento Sr. Alcalde, desgraciadamente un comportamento moi covarde. Nós imos a seguir esixindo o que é de xustiza, lamento que da intervención do Sr. Font vexamos que non teñen o informe de persoal, que non teñen o informe xurídico, que non teñen o informe de Intervención, que non teñen vostedes nada de nada, porque non saben que facer e porque están desconcertados, e porque o único que están a pedir é que pasan pronto as eleccións a ver si lles damos pronto largas e non se decatán do que teñen neste momento é cero zapatero, é exactamente o que teñen neste momento gracias a súa xestión.

PRESIDENCIA: Sometemos á votación a proposta de acordo que vai acompañado coa petición do Pleno extraordinario, consta de dous puntos, está en poder de tódolos concelleiros/as.

VOTACIÓN DA PROPOSTA: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a proposta de acordo presentada polo grupo municipal do Partido Popular que figura na parte expositiva deste acordo.

PRESIDENCIA: Señoras/es concelleiros isto é posible que sexa o último Pleno, aínda podería haber algún extraordinario, este foi o último Pleno ordinario, seguramente o último Pleno que se fai neste mandato eu lle quero no persoal agradecerlle a todos vostedes a súa presenza neste Pleno durante este tempo, os que vaian a súa actividade privada ou a outras dedicacións, as mellores das fortunas e os que

vaian a outros espazos políticos ou intenten ocupar aquí no seguinte mandato un espazo político pois que Deus reparta sorte, moitas grazas.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e trece minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.
am.

O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda.

DILIXENCIA:

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión extraordinaria do Pleno do día 24 de abril de 2019. Consta de 6 folios da serie A numerados do 2729457 ao 2729462, e números do 962 ao 967. Aprobouse na sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de xuño de 2019.

Vigo, a 12 de xuño de 2019
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda